

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de xullo de 2007**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria, que se celebrará o vindeiro sábado, día 28 de xullo de 2007 ás DOCE HORAS.

Asuntos para coñecemento do Pleno:

- 1.- Toma de coñecemento da constitución dos grupos políticos, e da designación dos seus integrantes voceiros.
- 2.- Resolución da Presidencia sobre o nomeamento de membros da Xunta de Goberno.
- 3.- Resolución da Presidencia sobre o nomeamento de vicepresidente.
- 4.- Resolución da Presidencia sobre o nomeamento de presidentes das Comisións Informativas Permanentes.
- 5.- Resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente na Xunta de Goberno.
- 6.- Resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente nos deputados membros da Xunta de Goberno

Asuntos para acordo do Pleno:

- 7.- Proposta sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.
- 8.- Proposta sobre a creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes.
- 9.- Proposta sobre as delegacións de competencia do Pleno na Xunta de Goberno.
- 10.- Proposta sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.
- 11.- Réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación provincial.
- 12.- Determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE XULLO DE 2007

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de xullo de 2007, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **extraordinaria** .

CONCURRENTES

PRESIDE EL ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN LOS SRES. DIPUTADOS SIGUIENTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG

DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste a Sra. Vázquez Veras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Imos comezar a sesión plenaria extraordinaria de organización. Como saben vostedes, a normativa obriga a que trinta días hábiles despois da constitución do Pleno da Deputación, se realice o Pleno de organización. Constituímos a deputación o pasado día 18 e hoxe, 28 de xullo, damos cumprimento a esa esixencia legal.

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS INTEGRANTES VOCEIROS.

Sr. Presidente

Estes son temas de toma de coñecemento, se algún grupo político quere que deamos lectura ao contido dos puntos da orde do día, farémolo. En calquera caso estivo a disposición de todas as señoras e señores deputados e é coñecido por todos o contido. Entón, non damos lectura, simplemente os enunciados.

O Pleno toma coñecemento do seguinte:

“Visto que o número 3 do artigo 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) dispón que “da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se ha desenvolver tras cumprirse o prazo legalmente establecido”. Previsión semellante atópase no artigo 24 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e

régime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Cumpridos os requisitos establecidos no propio artigo 75 da LALGa e no artigo 76 da LALGa, así como no artigo 23 RODC, concordante co artigo 24 ROF

DOU CONTA Ó PLENO

de que quedan constituídos os grupos políticos cos integrantes e voceiros que a seguir se sinalan:

“Grupo Popular”, integrado polos trece deputados elixidos polo Partido Popular de Galicia

Voceiro: D. Adolfo Gacio Vázquez.

Voceiro suplente 1º: D. José Manuel López Varela.

Voceiro suplente 2º: D. José Luis García Gorostizu.

Voceiro suplente 3º: D. Pablo Cobián Fernández de la Puente.

“Grupo Provincial Socialista”, integrado polos doce deputados elixidos polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Voceiro: D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

Voceiros suplentes: Os restantes membros do Grupo.

“Grupo Bloque Nacionalista Galego”, integrado polos seis deputados elixidos polo BNG.

Voceira: Dona Rosana Pérez Fernández.

Voceiros suplentes: Os restantes membros do Grupo.”

2.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.

Visto que o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) determina que a Xunta de Goberno se integra polo presidente e un número de deputados non superior ó terzo do número legal destes, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó Pleno. Esta mesma previsión atópase no número 4 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e nos números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 72 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Engade o número 4 do artigo 49 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 43 RODC, é dicir, mediante resolución da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e que lles será notificada persoalmente ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da resolución polo presidente, se nela non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña comporase do presidente da deputación e dos dez deputados seguintes:

Don Pablo Villamar Díaz
Don José García Liñares
Dona Caridad González Cerviño
Don Antonio Salvador Lagares Pérez
Don José Federico Nogueira Fernández
Don José Manuel Pequeño Castro
Don Bernardino Higinio Rama Seoane
Don Xoán Manuel Cabo Pérez
Dona Rosana Pérez Fernández
Don Xoán Manuel Sande Muñiz

A presente resolución será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

3.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTE.

Visto que o artigo 35, número 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) determina, desenvolvendo o disposto no número 3 do artigo 34, que lle corresponde ó presidente da deputación o libre nomeamento dos vicepresidentes de entre os membros da Xunta de Goberno. Previsión semellante atópase no número 2 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e nos artigos 43, 44 e 45 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Engade o segundo parágrafo do número 1 do artigo 43 do RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados mediante resolución da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da resolución polo presidente, se nela non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

Nomear vicepresidente único ó seguinte deputado, membro da Comisión de Goberno:

Don Pablo Villamar Díaz

A presente resolución será notificada de inmediato ó designado e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

4.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Ó abeiro do disposto no artigo 96 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), consonte co proposta desta Presidencia sobre o número, denominación e composición das Comisións Informativas e sen prexuízo do acordo plenario que sobre a mesma recaia,

RESOLVO:

Delegar e nomear presidentes das Comisións Informativas permanentes ós seguintes deputados e deputada:

- 1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas: Don Antonio Salvador Lagares Pérez;
- 2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística: Don Xoán Manuel Sande Muñiz;
- 3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo: Don Pablo Villamar Díaz;
- 4 - Comisión de Cooperación e Asistencia ós Concellos: Don Xoán Manuel Cabo Pérez;
- 5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior: Don José Federico Nogueira Fernández;
- 6 - Comisión de Planos Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamentos: Don José Manuel Pequeño Castro;
- 7 - Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais: Don Bernardino Higinio Rama Seoane;
- 8 - Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico: Dona Caridad González Cerviño;
- 9 - Comisión de Deporte e Mocidade: Don José García Liñares.

A presente resolución producirá efecto desde o día seguinte ó da celebración do Pleno da deputación no que se fixen o número, denominación e composición das Comisións Informativas, será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

5.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE NA XUNTA DE GOBERNO.

Visto que os artigos 34.2 e 35.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 105.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e o artigo 40.2 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 63.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o presidente da deputación poida delegar determinadas atribucións na Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Delegar as seguintes atribucións do presidente na Xunta de Goberno:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas (LBRL, 34.1.g), excluídas gratificacións e horas extraordinarias.
- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os 6.000.000 de euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (LBRL, 34.1.k).
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento (LBRL, 34.1.l).
- A adquisición de bens inmoebles e a de mobles de valor histórico-artístico que se adquiren por esta cualificación.
- A emisión de informes requiridos á deputación por diversas normas e que non sexan competencia do Pleno.

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que poidan interpoñerse e rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC. Producirá efecto a partir do día no que a Xunta de Goberno se constituía. Non obstante, os procedementos que estivesen xa iniciados nesa data, aínda que pertencen ó ámbito inicial da delegación, serán resoltos en todo caso polo presidente da deputación, quen solucionará ademais os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e dela darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

6.- RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE EN DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Visto que os artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o presidente poida delegar determinadas atribucións nos deputados membros da Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Conferir as seguintes delegacións a prol dos deputados que se indican para a dirección e xestión das áreas de goberno provincial que a seguir se relacionan:

- 1 – Deputado de Economía e Facenda (Áreas de Intervención Xeral e Tesouraría): Don Antonio Salvador Lagares Pérez
- 2 - Deputado de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística (Sección de Servizos Sociais): Don Xoán Manuel Sande Muñiz;
- 3 - Deputado de Promoción Económica, Emprego e Turismo (Sección de Promoción Económica): Don Pablo Villamar Díaz;
- 4 – Deputado de Cooperación e Asistencia ós Concellos (Sección de Plans Provinciais e Servizos e Seccións de Asistencia a Concellos): Don Xoán Manuel Cabo Pérez;
- 5 - Deputado de Persoal e Réxime Interior (Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos): Don José Federico Nogueira Fernández;
- 6 – Deputado de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamentos (Sección de Plans Especiais, Servizo de Patrimonio e Contratación, Medio Ambiente): Don José Manuel Pequeño Castro;
- 7 – Deputado de Vías e Obras Provinciais (Servizo de Vías e Obras Provinciais e Servizo de Infraestruturas e Conservación): Don Bernardino Higinio Rama Seoane;
- 8 – Deputado de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico (Sección de Educación, Cultura e Deportes): Dona Caridad González Cerviño;
- 9 – Deputado de Deporte e Mocidade (Sección de Educación, Cultura e Deportes): Don José García Liñares.

As delegacións que se outorgan comprenden, no ámbito das áreas asignadas, a dirección, inspección e impulso de obras e servizos, así como a execución das disposicións de carácter xeral e dos actos e acordos dos órganos de goberno, coidando da súa publicación, polo que poderá solicitar para tales tarefas os asesoramentos técnicos necesarios.

As delegacións inclúen o recoñecemento ós deputados delegados de amplas facultades de proposta en materias tales como:

- consignación dos créditos necesarios para a súa xestión no proxecto de orzamento provincial ou nas modificacións de crédito cuxa aprobación corresponda ó Pleno ou ó presidente;
- proxectos de obras e prescricións técnicas dos servizos previstos no orzamento e asignados á súa área; gasto e facturas que deba aprobar o órgano competente, previos os informes preceptivos;
- bases de convocatoria das subvencións previstas no orzamento provincial cuxa xestión lle estea encomendada;
- organización e xestión do persoal adscrito ás áreas asignadas;
- nomeamento e cesamento do persoal eventual adscrito á área asignada;
- textos de ordenanzas e regulamentos aplicables directamente na súa área.

Os deputados delegados participarán, sempre que sexa posible, nos organismos de coordinación e xestión administrativa, comisións de seguimento ou outros, en canto lle afecte ás áreas que pola presente resolución se lles asignan.

Estas delegacións producirán efecto a partir do día 29 de xullo de 2007 e rexeranse especificamente polos artigos 86 a 90 RODC no que se refire á súa aceptación, revogación, modificación, facultades do órgano delegante, prohibición de subdelegación e prazo, sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa xeral sobre réxime local e procedemento administrativo.

O presidente da deputación resérvase expresamente a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e resolverá sen máis trámite os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución seralles notificada ós deputados delegados para a súa aceptación, será publicada no Boletín Oficial da Provincia e dela darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

7.- PROPOSTA SOBRE RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días a todos.

O equipo de goberno vai facer, e en concreto o grupo provincial socialista vai facer unha intervención agrupando os puntos 7 ao 12, ambos os dous inclusive.

Antes de nada, quero dar a benvida aos tres grupos que comportan esta Cámara, aos deputados e deputadas, e desexarilles a todos que o traballo que fagamos sexa continuado pola boa marcha e polo bo desenvolvemento da provincia e dos seus concellos.

As eleccións municipais do pasado 27 de maio conferiron 13 deputados ao Partido Popular, 12 ao Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e 6 ao Bloque Nacionalista. Prodúcese, polo tanto, un incremento dun deputado a cada unha das forzas que xa gobernabamos esta institución provincial, e desde aquí, desde o equipo de goberno, esperamos ter unha lealdade recíproca, como así pediu na súa investidura o presidente, chamando ao diálogo, á participación e ao máximo consenso.

Para afondar máis na transparencia e na claridade desta institución, un dos aspectos que consideramos importantes é que a Mesa de Contratación, que estaba formada soamente por dous membros do PsdeG e do BNG na Corporación anterior, agora terá un representante de cada grupo. Pensamos que isto é un avance importante e cremos que iso vai traer consigo que os distintos contratos de obras, de servizos, de provisións, etc., estean perfectamente, aínda que están perfectamente regulados, que teñan unha participación e que se afonde, como dicía, na transparencia e na claridade.

Rogo desde aquí que ao final deste Pleno os distintos grupos políticos fagan o nomeamento dun representante titular e dous suplentes para formar parte da Mesa de Contratación, que como ben sabemos todos, actuará de acordo cos pregos tipo que xa ten esta institución provincial, ou pregos particulares se é o caso, sempre de acordo co Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e demais concordantes.

Outro aspecto importante que queremos subliñar é que o Pleno terá todas as competencias que lle confire a lexislación en vigor. Que quere dicir isto?, que non vai delegar, nada máis un pequeno tema, na Xunta de Goberno, todo serán competencias e de debate nestas sesións plenarias como órgano institucional máximo, e de cara tamén á máxima transparencia. Este tema que non queda no Pleno, senón que se transvasa a súa competencia á Xunta de Goberno é a relacionada coa compatibilidade do persoal ao servizo da institución, consideramos que este é un tema moi privativo, e que se debe de tratar de forma máis privada.

O réxime de sesións, como figura na documentación das Sras. e Sres. deputados, será o último venres de cada mes ás doce horas, agás no mes de setembro, que xa teñen vostedes aí planificado, porque o mes de agosto é un mes vacacional.

Outro aspecto que consideramos e que, evidentemente, reforza a actuación dos órganos, non unipersoais, senón colexiados, son as delegacións da Presidencia na Xunta de Goberno, e aproveito para lles indicar que o seu réxime de sesións será o segundo e cuarto xoves de cada mes ás doce horas da mañá.

En relación á creación, composición, atribución e réxime de sesións das distintas Comisións Informativas, anunciarlles que serán 9, que aparecen na documentación, non vou facer aquí un relato, seis están presididas polo PsdeG-PSOE e 3 polo Bloque Nacionalista Galego, e a composición, que é invariábel tamén, corresponden 5 ao Partido Popular, 4 ao PsdeG-PSOE e 2 ao Bloque Nacionalista

Galego. Como podemos ver, non varían nin a composición, nin o número de comisións, e tamén rogo que canto antes, non ten por que ser hoxe, evidentemente que non se van constituír de forma inmediata, pero si que se vaia pensando e se lle dean á Secretaría Xeral para a súa constitución no seu momento, os nomes dos representantes dos distintos grupos que comportamos esta Cámara provincial.

En relación aos representantes nos distintos organismos, que aparece tamén reflectido na documentación, quero presentar dúas emendas:

A páxina 3, no punto 26, onde di “Consortio do Depósito Franco do Porto da Coruña”, substituír a Don José Federico Nogueira Fernández por Don José García Liñares, e na páxina 5, punto 46, onde di “Grupos de Acción Local: Acción Desenvolvemento Sar-Ulla”, onde di Don Pedro Piñeiro Hermida, deberá dicir, Don Bernardino Rama Seoane.

Considero que desde a Presidencia se dean as indicacións antes de someter a votación cada un dos puntos individualizadamente, ao chegar a este que se vote a emenda que propoño neste caso, “in voce”.

En relación ás retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación, mantense exactamente igual a asignación económica e o número de persoas que van percibir as ditas asignacións, pero quero facer un pequeno fincapé en relación a estas percepcións, porque dáse a circunstancia de que, aínda que aparezan orzamentariamente, nalgún caso non se van utilizar. Non se van utilizar, por exemplo, do grupo socialista, dos seis presidentes de Comisións, soamente dous terán dedicación exclusiva e percibirán como tal esas indemnizacións. Por exemplo, a Vicepresidencia coincide coa presidencia da Comisión de Promoción Económica, co cal tamén percibirá as indemnizacións como vicepresidente. O que está no uso da palabra como voceiro socialista, percibirá as asignacións como presidente da Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas. Quere isto dicir que aí, aínda que orzamentariamente temos a obriga de manter estas contías, no momento en que se renda a Conta Xeral observárase a baixa orzamentaria nestas partidas que acabo de relatar como exemplo.

Igualmente, o persoal eventual permanece practicamente igual. É desexo deste equipo de goberno que os tres grupos con representación teñan medios técnicos, espazo físico e medios persoais e materiais para o seu funcionamento e non cabe dúbida de que, indubidablemente, trataremos de que así se leve a efecto e isto xa é un dos pasos importantes a dar.

E xa vou finalizando, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, todos estamos empeñados nun traballo por esta provincia, por esta provincia de 94 concellos, onde a Deputación provincial ten que ser o concello de concellos, temos que afondar cada vez máis neste concepto, cun respecto escrupuloso á autonomía municipal. Temos que mirar aos nosos cidadáns e ás nosas cidadás, para que as melloras do servizo sexan palpábeis e lévense alí, ao lado deles, e que se vexan reflectidas, e temos que basear a

nosa política no consenso, na cooperación e na solidariedade. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi bo día a todos e a todas, Sr. Presidente, Sres. deputados e deputadas. En nome do Bloque Nacionalista Galego esta voceira quere tamén saudar a todos e todas os compañeiros que formaremos parte desta Corporación durante os vindeiros catro anos, e quere tamén facer unha valoración global verbo dos puntos que hoxe están incluídos na orde do día, en concreto, Sr. Presidente, voume pronunciar en nome do meu grupo sobre os puntos 7 ao 12.

En relación ao acordo ao que chegamos as dúas forzas políticas que integramos o goberno, o Bloque Nacionalista Galego considera que houbo avances importantes, traballados ademais sobre a base de 4 anos de experiencia conxunta e que se traducen principalmente na delegación de competencias da Presidencia á Xunta de Goberno, unha Xunta de Goberno que, por primeira vez tamén nesta institución vai adoptar resolucións que verdadeiramente teñen que ver coa súa función que non é outra, nin máis nin menos, que gobernar.

En todo caso, e a este respecto, esta voceira quere pór de manifesto que, no sucesivo, neste tempo que virá a partir de hoxe, seguiremos esforzando desde o noso grupo político porque esta Xunta de Goberno, efectivamente, e o goberno no seu conxunto, a xestión do goberno no seu conxunto, alcance maiores cotas, se cabe, de eficacia e axilidade que repercutirán sen dúbida en beneficio dos cidadáns e cidadás de toda a provincia da Coruña.

En relación ás competencias do Pleno, efectivamente, todas as competencias que lle confire a lexislación en vigor están delegadas, exceptuando unha, que xa se fixo mención por parte do voceiro do Partido Socialista, e polo tanto, isto tamén concorda cunha visión que o Bloque Nacionalista Galego vén expresando xa de antigo, que é que, efectivamente, as competencias tenas que ter o órgano máximo da Corporación que, efectivamente, é o Pleno.

Hai tamén outras novidades que se producen neste momento e neste comezo de mandato por primeira vez, como é, efectivamente, a integración por parte das tres forzas políticas na Mesa de Contratación, un avance que, xunto coas delegacións da Presidencia na Xunta de Goberno, nós consideramos en aras e para satisfacer a transparencia e a democracia que debe de ter toda institución pública e que, evidentemente, a Deputación da Coruña non pode estar á marxe.

Desde o BNG, e xa para finalizar, Sr. Presidente, queremos tamén aclarar, ou matizar, que nós en todas as institucións, e nesta non podía ser menos, somos partidarios da participación e do consenso de todos. Polo tanto, no que atinxe ás áreas concretas que o BNG vai dirixir neste novo mandato, evidentemente, tender a man a

todos os grupos políticos para aclarar, ou para dialogar, ou para acordar absolutamente calquera asunto concreto, que teña que ver coas áreas concretas e dirixidas polo BNG nesta deputación.

Verbo das retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación, e tamén as retribucións do persoal eventual, queremos subliñar que, nos últimos anos non houbo variación na cantidade total das súas partidas, chegouse entre os dous grupos políticos que formamos o goberno tamén á decisión de seguir sen variar estas partidas, e polo tanto facer fincapé en que se manteñen as partidas, evidentemente, co lóxico incremento que supoñen o IPC e os aumentos que establece a lexislación en relación aos funcionarios, etc., pero mantéñense basicamente as partidas sobre estas dúas cuestións, cousa que non deixa de ser relevante nos tempos que corren, sobre todo nestes comezos de mandato, a nivel provincial e, evidentemente, nos concellos.

E xa por último, e agora si, pór de manifesto que o Bloque Nacionalista Galego, xunto, evidentemente, coa outra parte do goberno, ten intención de traballar para cogobernar esta Deputación provincial, dentro tamén da autonomía que o propio acordo de goberno nos dá aos dous grupos políticos, sobre todo cun obxectivo fundamental, que é abrir a institución, como xa se viña facendo nos últimos anos, seguir abrindo a institución provincial ao conxunto da cidadanía de toda a provincia, traballar a favor dos veciños e veciñas dos 94 concellos desta provincia que, efectivamente, aínda a día de hoxe teñen moito que facer e os deputados e deputadas que estamos hoxe aquí temos, evidentemente, que debernos a isto e traballar neste sentido. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Gacio Vázquez

Grazas, Sr. Presidente. Que como é preceptivo e lóxico, a miña primeira intervención como voceiro do Grupo Popular nesta deputación sexa para felicitar publicamente ao reelixido presidente desta institución, don Salvador Fernández Moreda, en nome de todos os meus compañeiros do grupo político maioritario desta Corporación, que é o Grupo Popular. Tamén a miña felicitación a todos os deputados desta Cámara, e digo isto de grupo maioritario porque, a pesar de ser obvio, e matematicamente irrefutábel, por veces parece que algúns se esquecen de que o Partido Popular é a forza máis votada na provincia e de que somos o partido que ten máis deputados neste Pleno. Dito así parecería que o normal e o máis democrático sería un goberno do Partido Popular, aínda que fose en minoría, pero somos conscientes de que a lei permite estas alianzas, e mentres isto siga así, o Partido Socialista e o BNG sumarán os seus votos para impedir que gañe a forza maioritaria. Pero en fin, hoxe non toca afondar neste tipo de reflexións, senón máis ben o que xa dixen, reiterar a felicitación ao presidente, Sr. Fernández Moreda, e felicitarnos todos por esta nova Corporación provincial.

No seu discurso de investidura do pasado 18 de xullo dicíanos que do logro que se sentía máis satisfeito era do consenso que imperou entre os membros da anterior

Corporación, e de que os grandes obxectivos propostos se aprobasen por unanimidade nun permanente exercicio de diálogo co goberno e a oposición. Como voceiro do Grupo Popular, e como único partido da oposición, quero transmitirle, Sr. Presidente, que contará co noso apoio, colaboración e lealdade institucional para que esas relacións de diálogo e concordia sigan sendo maioritarias neste organismo. Desde o Partido Popular faremos unha oposición leal e construtiva, traballaremos continuamente facendo propostas e propondo iniciativas para que cada un dos nosos concellos da provincia melloren os servizos, as infraestruturas e a xestión municipal. En definitiva, que o noso traballo logre mellorar a calidade de vida de todos e cada un dos cidadáns da nosa provincia.

Xa que logo, Sr. Presidente queremos agradecerlle esa oferta de diálogo que nos brindou. Desde o Grupo Popular o noso obxectivo é que o erario público desta deputación reverta nos cidadáns da provincia da forma máis adecuada posíbel.

Enunciounos as liñas básicas de actuación dun Plan estratéxico co que non podemos estar máis que de acordo. Esperamos que todos estes estudos, reflexións, proxectos, propostas mediáticas, etc., non queden no baleiro como lamentablemente sucedeu outras moitas veces, e se fagan realidade, porque os concellos da provincia o que precisan son realidades palpábeis e non castelos no aire.

Os que levamos moito tempo dedicados á política municipal sabemos da importancia que ten para os concellos unha correcta xestión das moitas capacidades económicas, técnicas e políticas que teñen as deputacións. Así pois, consideramos que debe ser un organismo de colaboración e asesoramento aos concellos, e desde este grupo loitaremos para que esta institución continúe sendo imprescindible para a cohesión e o mantemento dos municipios da provincia da Coruña, porque desde o Partido Popular cremos na política municipal e cremos na importancia que para esta política teñen as deputacións, xa que consideramos que desde os concellos non sempre se pode garantir a provisión de infraestruturas e equipamentos básicos e a prestación de determinados servizos, resultando evidente a necesidade dunha organización intermunicipal que leve a cabo esta función cooperadora. Outros partidos, polo contrario, sosteñen cunha man que é necesaria a desaparición das deputacións, mentres coa outra reclaman unha maior cota de poder e representatividade nestas, e penso, Sr. Moreda, que vostede disto sabe máis ca min. Para o Partido Popular as deputacións non son institucións caducas, aínda que certas políticas que se fan arredor delas, si poden estar caducas e estamos de acordo.

A nosa oposición ao longo da lexislatura será pois contundente na defensa dos principios aínda válidos que permitiron a creación das deputacións como instrumento de progreso e cohesión municipal, pero tamén buscaremos outros obxectivos. O primeiro, que o goberno da deputación actúe en defensa dos intereses de todos os concellos da provincia, independentemente da cor maioritaria da súa Corporación. Outro obxectivo será conseguir que se abandone, ou polo menos redúzanse, as políticas baleiras e clientelares que, permítame, Sr. Presidente, que tanto

se abusou, e que se retome a prioridade investidora para aquelas accións encamiñadas a solucionar os verdadeiros problemas que teñen os nosos concellos, isto é, darlle solución aos servizos básicos municipais para aumentar a calidade de vida dos nosos cidadáns. A deputación ten que volver a facer unha política investidora, onde se axude e se prime o esforzo dos concellos, para dotar aos seus veciños de redes adecuadas e perfectamente dimensionadas de auga potábel e de saneamento, dunhas adecuadas vías de comunicación, que se solucionen os eternos problemas de provisión eléctrica, que se priorice a chegada da banda ancha e informática de televisión dixital terrestre, realidades que aínda son unha utopía en gran parte do rural.

Outro aspecto que debemos de potenciar é a mellora da ampliación do servizo técnico de axuda aos concellos. Valoramos e agradecemos o traballo e a dedicación dos funcionarios deste organismo, que fan un gran labor, pero que en moitos casos non é suficiente para as demandas actuais dos concellos da provincia. Nesta ampliación de prestacións de servizos aos concellos, consideramos que se deberá incluír a presenza de máis técnicos de xestión de proxectos europeos, encamiñados a asesorar e fomentar entre os concellos a súa participación en accións europeas.

E xa para rematar, Sr. Presidente, quero reiterarlle en nome dos compañeiros do grupo, que imos facer unha oposición leal e construtiva, achegando propostas e ideas en positivo. Estamos convencidos de que a deputación é unha institución válida e útil para todos e cada un dos concellos da nosa provincia.

Quixera despedir a miña primeira intervención ante este Pleno, desexándolle ao presidente e ao seu equipo de goberno da deputación os maiores éxitos en beneficio da provincia, en definitiva, en beneficio de todos.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gacio e grazas pola oferta de colaboración, que non caerá en saco roto. Creo que máis ou menos os enunciados que vostede enunciou, compartímolos todos, independentemente da opinión que cada un teña das deputacións e a súa existencia, non é un tema que teñamos que debater aquí porque non temos ningunha competencia para iso, cada un ten a súa opinión, pero creo que compartimos todos unha única opinión, que mentres existen temos que prestixialas e facelas eficaces e eficientes ao servizo dos cidadáns e dos concellos da provincia.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Visto que o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno, malia o disposto no artigo 84.3 RODC, concordante co artigo 112.3 do ROF,

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º. RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente seguinte hábil, ás doce horas. Non obstante, a sesión ordinaria correspondente ó oitavo mes de 2007 celebrarase o día 14 de setembro de 2007 ás doce horas.

2º. RÉXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebraranse o segundo e o cuarto xoves de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente seguinte hábil, ás doce horas.”

8.- PROPOSTA SOBRE CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Visto o disposto nos artigos 103.1.b) e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa), o primeiro dos cales remite ós artigos 66 a 68 da mesma LALGa e, por outra banda, o disposto nos artigos 94 a 103 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

PRIMEIRO.- As Comisións Informativas Permanentes da Deputación Provincial da Coruña serán nove, coa denominación e atribucións que a seguir se sinalan:

1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas .-

A súa competencia refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, ingresos (proprios e doutros entes públicos), gastos de competencia do Pleno, operacións de crédito, inventarios,

balances, ordenanzas fiscais, patrimonio provincial, e calquera outro asunto de natureza económico-financeira.

2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística .-

Estudará as cuestións relacionadas con planos, convenios e actuacións en garantía de prestación de servizos sociais de competencia municipal e de equilibrio intermunicipal. As relacionadas co apoio económico, técnico e xurídico ós concellos para a implantación e funcionamento dos devanditos servizos. A creación e xestión de servizos sociais de atención especializada supramunicipais ou supracomarcais; xestión dos centros provinciais de atención á mocidade e á infancia; financiamento de programas de servizos sociais das entidades de iniciativa social; promoción da solidariedade entre institución e cidadáns e destes entre si, con especial acento nas políticas de igualdade de xénero; elaboración dos Planos de normalización lingüística de acordo coa lexislación en vigor.

3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo -

As súas atribucións serán as de fomento e promoción de temas relacionados co sector primario, modernización e instalacións comerciais e similares, protección ó sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, riqueza forestal, fomento agropecuario, agrícola, etc.

Potenciar o turismo de xeito coordinado con todos os concellos da provincia con apoio ás campañas de difusión das distintas riquezas: cultural, patrimonio, gastronomía, etc.

4 - Comisión de Cooperación e Asistencia ós Concellos .-

Abrangue o estudo dos expedientes referidos a: cooperación ás obras e servizos municipais, asistencia e cooperación xurídica a municipios, asistencia e cooperación económica e técnica a municipios, defensa xurídica, servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal.

5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior -

A súa competencia refírese ó estudo de todos os asuntos relacionados coa función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas.

Coiñecerá con carácter residual de todos aqueles asuntos non atribuídos a outra Comisión Informativa Permanente.

6 - Comisión de Planos Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamentos

=

A súa competencia refírese a expedientes de: contratación de obras e servizos, subministracións, planos especiais e os que se poidan elaborar no futuro, así como todos os proxectos relacionados coas ditas obras e planos e ordenación do territorio. Coñece así mesmo dos asuntos relacionados co medio natural.

7 - Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais -

A súa competencia circunscríbese a asuntos relacionados coas estradas e camiños provinciais, autorizacións, licenzas de obras e todos os proxectos relacionados con eles, ademais dos expedientes de expropiacións forzosas e urbanismo.

8 - Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico -

As súas atribucións serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a: educación, bolsas de estudos, arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidas ós concellos e en colaboración con outras entidades e organismos, subvencións culturais, monumentos e lugares artísticos, etc.

9 - Comisión de Deporte e Mocidade -

As súas competencias serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relacionadas co deporte e a mocidade, programas de actividades deportivas dirixidas ós concellos ou en colaboración con outras entidades, organismos, asociacións.

Subvencións en materia deportiva e promoción da participación da mocidade na vida política, socioeconómica e cultural.

SEGUNDO.- Cada comisión estará integrada por once membros, dos cales cinco pertencerán ó Grupo Popular, catro ó Grupo Provincial Socialista e dous ó Grupo do Bloque Nacionalista Galego. O presidente de cada comisión será designado por resolución do presidente da deputación.

TERCEIRO.- Estas comisións xuntaranse con periodicidade mensual nos días e horas nos que as propias comisións determinen.”

9.- PROPOSTA SOBRE AS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Visto que o artigo 48 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 71 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevé que o Pleno poida delegar, en todo ou en parte, calquera das súas atribucións no presidente e na Xunta de Goberno, agás as sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL); vistos asemade os artigos 33.4 LBRL, 28.2 TRRL, 107.2 e 314.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

O Pleno da Deputación provincial acorda delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da entidade local, ó que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións públicas (ROF, art. 70.9).

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que poidan interpoñerse, rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC e producirá efecto desde o día seguinte a aquel en que se aprobe, sen prexuízo da publicación no BOP para xeral coñecemento.

En calquera caso, queda excluída a delegación daqueles asuntos cuxa aprobación requira maioría absoluta ou calquera outra maioría cualificada. As competencias delegadas na Xunta de Goberno estarán suxeitas ó control e fiscalización do Pleno, tanto a través dos mecanismos ordinarios establecidos na normativa local como dos extraordinarios, singularmente dos dispostos no artigo 80 RODC, concordante co artigo 106 ROF. “

10.- PROPOSTA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Aquí hai dúas emendas que lles explico, foi un erro mecanográfico, que se correron os nomes, non ten ningunha transcendencia. Entón sometemos primeiro a

votación a emenda que presentou “in voce” o Sr. Lagares, que é substituír ao Sr. José Nogueira, que é xa membro do Depósito Franco en representación do Concello, polo Sr. José García Liñares, e substituír ao Sr. Piñeiro polo Sr. Rama no Grupo de Acción Local Sar-Ulla.

Apróbanse estas dúas modificacións por unanimidade.

A continuación sométese a votación o punto número 10.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Préstase aprobación á seguinte proposta:

“Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ó Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada,

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

Nomear representantes da Corporación ós deputados que se indican no organismos que a seguir se relacionan:

1.- AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA - AFIANZAMENTO DE GALICIA)

D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

O Pleno acorda aceptar a designación efectuada pola Xunta Xeral de Afigal, S.G.R. con data do 31 de maio de 2007 a prol da Deputación Provincial da Coruña como membro do Consello de Administración e nomear como representante da Deputación no Consello de Administración de Afigal S.G.R. ó deputado don Antonio Lagares Pérez.

2.- ASOCIACIÓN NERIA

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

3.- BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO

Don José Federico Nogueira Fernández

4.- BIC GALICIA - CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA, S.A.

Dona María Montserrat García Chavarría

5.- CAIXA-NOVA

Don Antonio Salvador Lagares Pérez

6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN INTERADMINISTRACIONES PÚBLICAS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS.

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

7.- COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVERSIONES INEM-CORPORACIONES LOCAIS

Dona Margarida Vázquez Veras

8.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS AUTOSTRADAS DE GALICIA.

Don Bernardino Higinio Rama Seoane

9.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E COMISIÓN EXECUTIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN XUNTA DE GALICIA, MINISTERIO DE INDUSTRIA E ENERXÍA, DEPUTACIÓN E CONCELLO DE FERROL, PARA A REINDUSTRIALIZACIÓN DE FERROL E ÁREA DE INFLUENCIA.

Don Pablo Villamar Díaz

10.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO CO IMSERSO E A FEMP, PARA A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NOS CONCELLOS

Don Ramón Eduardo Veloso Rodríguez

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

11.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLANO DE DESENVOLVEMENTO ALTERNATIVO DAS COMARCAS MINEIRAS.

Don Pablo Villamar Díaz

12.- COMISIÓN GALEGA DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL

Don José Manuel Pequeño Castro

13. COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL E COMISIÓN DE SEGUIMIENTO PARA SITUACIONES DE SECA

Don José Federico Nogueira Fernández

14.- COMISIÓN GALEGA INTERINSTITUCIONAL DO MENOR

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

15.- COMISIÓN MIXTA CONVENIO XUNTA-DIPUTACIÓN INSTALACIONES DEPORTIVAS. (Dous representantes).

Don José Federico Nogueira Fernández
Don Xoán Manuel Cabo Pérez

16.- COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA

Dona María Montserrat García Chavarría

17.- COMITÉ GALEGO DE DEFENSA DOS MONTES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Don Pedro Piñeiro Hermida

18.- CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIONES E AUDIVISUAL DE GALICIA

Dona Margarida Vázquez Veras

19.-CONSELLOS COMARCAIS E PADROADOS DE GOBERNO DAS FUNDACIONES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMARCAS DE:

ARZÚA.- Don Bernardino Higinio Rama Seoane

BERGANTIÑOS.- Don Xoán Manuel Sande Muñiz

BETANZOS.- Don Antonio Salvador Lagares Pérez

EUME.- Don Pablo Villamar Díaz

FERROL - Don Pablo Villamar Díaz

MELIDE.- Don José Luís García García

MUROS.- Dona Caridad González Cerviño

NOIA.- Dona Rosana Pérez Fernández

ORDES.- Don José Luis García García

ORTEGAL.- Don Pablo Villamar Díaz

SANTIAGO.- Don Bernardino Higinio Rama Seoane

SONEIRA.- Don José Manuel Pequeño Castro

20.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XESTUR, S.A (Dous representantes)

Don Antonio Salvador Lagares Pérez
Don Pablo Villamar Díaz

21.- CONSELLO GALEGO DE SAÚDE

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

22- CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Dona Silvia Seixas Naia

23.- CONSELLO PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

24.- CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DA CORUÑA

CAPITAL E PROVINCIA.

Don Antonio Salvador Lagares Pérez

25.- CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Dona Margarida Vázquez Veras

26.- CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA

Dona María del Pilar Souto Iglesias

Don José García Liñares

Dona Margarida Vázquez Veras

27.- CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Don Salvador Fernández Moreda

Don José Federico Nogueira Fernández

Dona Silvia Seixas Naia

28.- CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Comité Provincial)

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

29.- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

Don Salvador Fernández Moreda

30.- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Don Salvador Fernández Moreda

31.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

Dona Rosana Pérez Fernández

32.- FUNDACIÓN ARAO

Don Pedro Piñeiro Hermida

Don Xoán Manuel Sande Muñiz

33.- FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

Don Salvador Fernández Moreda

Don Pablo Villamar Díaz

Dona María Montserrat García Chavarría

Dona Silvia Seixas Naia

34.- FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

Don Salvador Fernández Moreda

35.- FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)

Don José Federico Nogueira Fernández

36.- FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Don Bernardino Higinio Rama Seoane

37.- FUNDACIÓN EXPONAV

Don Salvador Fernández Moreda

38.- FUNDACIÓN ORTEGALIA

Don Pablo Villamar Díaz

39.- FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN.

Don Salvador Fernández Moreda

40.- FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

Dona Margarida Vázquez Veras

41.- FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL

Don Salvador Fernández Moreda

42.- FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Don Xoán Manuel Cabo Pérez

43.- FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER

Dona Caridad González Cerviño

44.- FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Don José Federico Nogueira Fernández

45.- FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Dona Caridad González Cerviño

46.- GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL

ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA

Don Pablo Villamar Díaz

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO COMARCA BERGANTIÑOS
Don Xoán Manuel Sande Muñiz

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO COMARCA ORDES
Dona Silvia Seixas Naia

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO LOCAL DE LOA
Don Ramón Eduardo Veloso Rodríguez

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS-NOIA
Dona Caridad González Cerviño

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO SAR-ULLA
Don Bernardino Rama Seoane

ASOCIACIÓN EUROEUME
Dona María Montserrat García Chavarría

ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO RURAL TRASTÁMARA
Don José Manuel Pequeño Castro

DESENVOLVEMENTO RURAL PORTODEMOUROS
Dona Rosana Pérez Fernández

TERRA DAS MARIÑAS
Don Antonio Salvador Lagares Pérez

47.- INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)

Don Salvador Fernández Moreda
Dona Margarida Vázquez Veras

48.- MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTELO DE SAN ANTÓN (Padroado)

Don José Federico Nogueira Fernández

49.- MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)

Dona Caridad González Cerviño

50.- PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXIÁN

Don Pedro Piñeiro Hermida

- 51.- PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME** (Xunta Rectora)
Don Pablo Villamar Díaz
- 52.- PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS** (Padroado e Xunta Consultiva)
Don Ramón Eduardo Veloso Rodríguez
- 53.- UNED** (Padroado do Centro da Coruña)
Don José Federico Nogueira Fernández
- 54.- XUNTA DISTRIBUIDORA DE HERDANZAS DO ESTADO**
Dona Margarida Vázquez Veras
- 55.- COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN**
Presidente D. Salvador Fernández Moreda.
- 56.- COMISIÓN GALEGA INTERINSTITUCIONAL DO MENOR**
Don Xoán Manuel Sande Muñiz
- 57.- COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓNS LOCAIS**
Don Xoán Manuel Cabo Pérez
- 58.-COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO**
Presidente D. Salvador Fernández Moreda
- 59.- CONSELLO GALEGO DE TURISMO**
Don Pablo Villamar Díaz
- 60.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO-GALEGO**
Don Pablo Villamar Díaz
- 61.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA CIDADE E CAMIÑO DE SANTIAGO**
Don Bernardino Higinio Rama Seoane
- 62.- COMISIÓN AUTONÓMICA DA MULLER**
Dona Silvia Seixas Naia
- 63.- CONSELLO GALEGO DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS**
Dona Caridad González Cerviño
- 64.- ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**
Dona Rosana Pérez Fernández

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo destes, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.”

11.- RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Préstase aprobación á seguinte proposta:

“Visto o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

“A) Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva

Presidente: as retribucións, en cómputo anual e contía, serán idénticas ás fixadas ou ás que se fixen no futuro para o Vicepresidente da Xunta nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vicepresidente (1): as súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o posto de traballo de secretario xeral da Corporación.

Presidentes de Comisións Informativas (9): as súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o posto de traballo de tesoureiro da Corporación.

Deputados dos grupos (3): as súas retribucións anuais serán iguais ás sinaladas para o posto de traballo de interventor adxunto.

Voceiros (3): As súas retribucións anuais serán iguais ás fixadas para os Deputados dos gruposa, é dicir, as sinaladas para o posto de traballo de interventor adxunto.

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Para o ano 2007 os importes en cómputo anual das retribucións indicadas son os seguintes:

Nº	POSTO	RETRIB. ANUAIS POSTO TRABALLO	TOTAL
1	PRESIDENTE	77.988,24	77.988,24
1	VICEPRESIDENTE	69.005,76	69.005,76
9	PRESIDENTES COMISIÓN INFORMATIVA	66.769,58	600.926,22
3	DEPUTADOS VOCEIROS DE CADA GRUPO POLITICO	64.457,04	193.371,12
3	DEPUTADOS DOS GRUPOS POLITICOS	64.457,04	193.371,12
17		342.677,66	1.134.662,46

B) Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ó réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias	610 €
Sesións da Xunta de Goberno	381 €
Reunións das Comisións Informativas	381 €

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas. Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2008, aumentando na mesma porcentaxe na que aumenten de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ao mes, por sesións das Comisións Informativas, agás as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Asimesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ao mes por sesións da Xunta de

Goberno, agás as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

C) Asistencia a mesas de contratación, comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración, percibirán pola asistencia ás sesións que celebren as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas ós membros da Corporación co réxime de dedicación exclusiva, non obstante, os deputados que perciban retribucións en réxime de dedicación exclusiva só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas integramente fóra da xornada laboral.

D) Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendados a cargos electos.

En materia de indemnizacións por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

a) Por aloxamento e gastos de viaxe, en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.

b) Por manutención aboarase, así mesmo, o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que se xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto. En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo I do anexo II e III do devandito RD 462/2002, do 24 de maio sobre indemnizacións por razóns de servizo, ou as normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnización establecido neste apartado para os cargos electos.

E).- As retribucións a que se refire o apartado A) terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos:

1. O presidente devengará as retribucións asignadas desde o día do seu nomeamento e toma de posesión, é dicir, desde o día 18 de xullo de 2007.
2. O vicepresidente e os deputados delegados que presidan Comisións Informativas percibirán as retribucións establecidas cando se dean as dúas condicións seguintes:

se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente e se dea a aceptación expresa do cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades delegadas polo presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

3. Os deputados-voceiros e os deputados de cada grupo político con dedicación exclusiva serán nomeados polo presidente a proposta dos grupos políticos correspondentes e as súas retribucións devengarán desde que se dean as dúas condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas nas que están baseadas ás retribucións correspondentes.

F).- Publicar o presente acordo da forma disposta no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases de réxime local.”

12.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Préstase aprobación á seguinte proposta:

“En relación coa proposta sobre o asunto de referencia formulada con data do 23 de xullo de 2007, despois de consultados os grupos políticos provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 250 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º.- O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS	GRUPO	NIVEL COMP. DESTINO	RETRIB. ANUAIS POSTO TRABALLO	TOTAL
1	ASESOR CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	A	NIVEL 28	62.531,62	62.531,62
2	TÉCNICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	A	NIVEL 26	49.394,76	98.789,52
4	TÉCNICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	A	NIVEL 24	44.653,64	178.614,56
4	TÉCNICOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	B	NIVEL 21	34.707,52	138.830,08
9	ADMINISTRATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	C	NIVEL 19	27.691,4	249.222,6
10	AUXILIARES CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA	D	NIVEL 16	23.269,58	232.695,8
7	AUXILIARES SIN DEDICACIÓN EXCLUSIVA	D	NIVEL 16	18.202,28	127.415,96
37				260.450,8	1.088.100,14

As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as dúas condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan ás retribucións correspondentes.

2º.- As retribucións expresadas incrementaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos Xerais do Estado.

3º.- Publicar o presente acordo da forma establecida no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases de réxime local.

4º) Queda sen efecto a proposta sobre o asunto de referencia con data do 23 de xullo de 2007.”

Sr. Presidente

Entón as Comisións constituiranse, tal e como se falou cos voceiros dos distintos grupos, no mes de setembro, temos un problema, que é que en agosto vanse os funcionarios de vacacións e é difícil facer cousas, e haberá dous Plenos en setembro, o Pleno de agosto sempre, tradicionalmente, se celebra na primeira quincena do mes de setembro, porque é imposible facer comisións, porque están de vacacións, entón a primeira semana de setembro constituiranse as comisións, faranse as comisións para o Pleno do 14 de setembro, e o día 28 teremos, que é o último venres, ás doce da mañá, teremos o Pleno ordinario do mes de setembro.

Remata a sesión e felices vacacións ao que teña sorte de ter vacacións. Grazas.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.